

Sociedade de consumo e mercado  
de traballo: algunhas reflexións desde  
a perspectiva sociolóxica

*Consumer Society and Labour Market:  
Some Reflections from a Sociological Perspective*



JAVIER NOVO-HERNANZ  
Universidade Internacional da Rioxa (UNIR)  
<javier.novo.hernanz@gmail.com>

Recibido: 30/06/2016

Aceptado: 28/07/2016

**Resumo**

Todas as persoas son conscientes da necesidade dun traballo asalariado, que proporciona capacidade de consumo de certos produtos que van máis alá dos bens necesarios, á parte de que contar cun emprego comporta admisión e recoñecemento por parte da sociedade; existen, no entanto, diferenzas que son aínda considerables, sobre todo no caso das mulleres. Facendo un pequeno balance dos tipos de traballo na Unión Europea e a importancia das políticas sociais coñeceremos máis de cerca estes aspectos.

**Palabras chave:** traballo, sociedade, políticas sociais.

**Abstract**

*Every person is aware of the necessity for wage labour in order to gain capacity for the consumption of certain products that go beyond the necessary goods. On the other hand, having an employment indicates social recognition and admission from society. Nonetheless, there are important distinctions, especially for women. We will know more about these issues by doing a brief summary on the different types of employment available in the European Union as well as the importance of social policies.*

**Keywords:** *Work, Society, Social policies.*

## 1. Un empurrón para coñecer as sociedades actuais

O século XXI caracterízase polo seu alto grao de consumo, en particular aquel consumo que non está directamente relacionado coas necesidades das persoas (Callejo, 1995). É un camiño para expresarmos a nosa atracción ou adhesión cara a multitude de valores, ideas ou grupos sociais. O devandito posicionamento realízase a través da compra de certos produtos, dun xeito crítico, segundo Yates (2011), como forma de promesa de lealdade aos obxectivos dalgúns movementos sociais. E, de feito, para autores como Alonso (2005), a educación das persoas como consumidoras e a participación cidadá que tanto nos custou atinxir son piares esenciais na construción das identidades sociais, as cales posteriormente se ven reflectidas no ámbito laboral. Baudrillard (2009), pola súa vez, apunta que a personalidade do/a consumidor/a se aprecia na sociedade, en relación cun contexto e unha posición social concretos: as persoas buscan o seu sentido na sociedade por medio do consumo e establecen comunicacións entre elas.

Daquela, como vemos, o consumo pode ser abordado desde diferentes ópticas, ao se reflectir en ámbitos como o económico, o sociolóxico, o psicolóxico ou o organizacional, entre outros. Así e todo, sitúase nun espazo que podería ser entendido como de «terra de ninguén», o que talvez sexa o motivo da carencia dun marco teórico conceptual sólido neste campo (García, 2009).

## 2. Sociedade e traballo

Ambas as realidades se foron unindo cada vez máis co paso de tempo, até o punto de que non entendemos a sociedade sen o traballo nin o traballo sen a sociedade. O que non cambia son as desigualdades sociais, que mesmo están a experimentar un proceso de transformación profunda e acelerada en múltiples ámbitos (Subirats, Gomà e Brugué, 2005):

- a) No ámbito económico aumentan a pobreza e o traballo precario, coa consecuente deterioración das relacións laborais. Ao tempo todo isto provoca dificultades no consumo e sobre todo no financiamento dos bens máis básicos, como a vivenda.
- b) No ámbito formativo pode producirse un aumento progresivo do analfabetismo, acompañado de abandono escolar, e daquela unha maior dificultade á hora de establecer relacións laborais frutíferas.

### **3. Rol social unido á maneira de consumir**

As novas sociedades, progresivamente máis reivindicativas e informadas grazas sobre todo ás novas tecnoloxías, sérvense cada vez máis do consumo como elemento fundamental de construción da identidade individual e colectiva, a socavaren os modos tradicionais de estratificación social (Giddens, 1991). Así, o consumo pode entenderse como «consumo de identidade», relacionado con perfís personalizados que se corresponden con certos estilos de vida, valores ou posicións ideolóxicas ou de pertenza a un grupo; ou como «consumo defensivo e local», relacionado con situacións de vulnerabilidade. A situación que se aprecia, daquela, é a dunha sociedade máis diversa e plural, cunha maior variabilidade de postos de traballo e de competencias ligadas a eles, todo isto da man dun crecente potencial de consumo que debe encadrarse nun nivel educacional axeitado para evitar situacións perversas e conseguir que o consumo estea ao servizo das persoas, polo que neste terreo é importante a intervención das políticas públicas (Alonso, 2005).

A clase social, a idade, o xénero ou a educación desempeñan un papel importante en calquera reelaboración sociocultural da sociedade e da identidade social, no cal se reflicten nos cambios das orientacións de consumo, e, por tanto, na estrutura interna e externa do traballo.

O consumo apreciado a través do traballo é polo xeral descrito como unha «nova» forma de participación relacionada con outras formas de participación política extraparlamentaria. Ao respecto debemos notar que, aínda que algúns enfoques influentes tenden a ver a política de consumo simplemente como parte dun debate á volta da democracia, a modernidade e o cambio social, as análises da socioloxía do consumo e os estudos de movementos sociais ofrecen unha comprensión máis ampla dos actos de consumo e a súa relevancia para a acción colectiva, así como para os paradigmas culturais de consumo (Yates, 2011).


### **4. A toma de decisión e a necesidade de información**

A toma de decisión dos consumidores ten elementos sociolóxicos, económicos, psicolóxicos etc., como se dixo anteriormente, en que se inclúen aspectos ambientais (externos) e psicolóxicos (internos), que se traducen na compra dun produto; é obvio, con todo, que cada individuo ten distintas prioridades e posúe un capital determinado

para o destinar ao consumo, dependendo do traballo que desempeñe, e, daquela, do seu status social.

Para comezar, os individuos parten xeralmente dunha necesidade que deben cubrir e buscan os mecanismos necesarios para facelo. En calquera caso, na procura de información sempre van tender á racionalidade, apoiados en dous tipos de análise: unha análise interna, baseada na súa memoria, dun lado; e, do outro, unha análise externa que se apoia en axentes externos como a publicidade e os contactos interpersoais, sobre todo os máis próximos (familia, amigos, compañeiros de traballo), no que se coñece como «boca a boca» (Sweeney, Soutar e Mazzarol, 2008). A busca de información simplifícase cando esta lles chega aos individuos sen que lles cumpra ningún esforzo adicional. Unha gran variedade dos factores que inflúen nas persoas están situados na súa contorna social, é dicir, gran parte realizada no posto de traballo, de modo que a interacción neste ámbito vai condicionar directamente a toma de decisión. Finalmente, considérase que unha vez que compran, os individuos satisfán as súas necesidades.

**Figura 1. Elementos involucrados na toma de decisión dos consumidores**



**Fonte:** elaboración propia.

## 5. Os cambios socioeconómicos

Os grandes avances da tecnoloxía modificaron por completo o industrialismo e acabaron coas grandes concentracións de traballadores que eran capaces de producir para un consumo masivo. A continuidade, a estabilidade e a especialización foron substituídas pola adaptabilidade, a mobilidade e a flexibilidade (Gallie, 2000).

O traballo evolucionou tanto co paso do tempo que se crearon novas especialidades, entre as que salientamos as relacionadas coas novas tecnoloxías, e agora mesmo nos cuestionamos en certo modo a relevancia do traballo, xa que só valoramos aquel conxunto de traballos que están dentro da sociedade, na relación salarial, que pouco e pouco van perdendo calidade e sentido como parte do noso proxecto vital. Ao tempo, xorden espazos de acción e dedicación útiles, que seguimos considerando como alleos ao traballo (Subirats, Gomà e Brugué, 2005).

O emprego dentro da economía postindustrial pode xerar un abano de novas oportunidades para boa parte da sociedade, mais a irreversible flexibilidade dos procesos produtivos que caracteriza tal modelo tamén serviu para impulsar, entre outros no caso de España, a destrución de emprego e a desregulación laboral, co conseguinte debilitamento dos dereitos laborais e dos esquemas de protección social tradicionalmente ligados ao mercado de traballo. Isto non comportou senón a xeración de novos espazos de exclusión social, que afectan sobre todo a colectivos adultos con cargas familiares (Subirats, Gomà e Brugué, 2005).

## **6. Os cambios socioculturais**

Como ben sabemos, o modelo patriarcal atópase en seria decadencia, xa que a entrada da muller no mercado de traballo modificou por completo a estrutura da familia e a repartición dos roles previamente asignados a cada sexo; dito doutro xeito: o modelo do varón sustentador está en perigo de extinción. Ora ben, o certo é que isto é así en parte grazas a que as mulleres realizan unha dobre xornada laboral, fóra e dentro da casa (Fernández, 2004), porque a nosa sociedade aínda ten problemas de compatibilización no ámbito produtivo-laboral.

Estes cambios, no caso de España, trouxeron consigo, entre outros efectos, un descenso progresivo da natalidade e unha inversión da pirámide poboacional, en que o grupo máis importante arestora é o conformado polos maiores de idade. Así, o reto para as próximas décadas, tal e como indica Bracho (2013), a adecuación dos sistemas de benestar e as súas prestacións a esta nova realidade das sociedades avanzadas.

No caso de Europa, a partir da década dos oitenta estableceuse unha serie de medidas e programas cuxos obxectivos poden sintetizarse nos seguintes puntos:

**Táboa 1. Matriz de indicadores de exclusión no ámbito laboral**

Ámbito	Espazo	Factor	Indicador	Construción do indicador
	Acceso ao mercado laboral	Desemprego	Desemprego	Porcentaxe de parados que non buscan emprego porque non cren que exista adaptado ás súas características; están enfermos ou incapacitados; teñen responsabilidades familiares ou persoais Persoas en paro sobre o total da poboación activa
			Desemprego de longa duración	Persoas en paro desde hai un ano sobre o total da poboación activa
				Persoas en paro desde hai máis de dous anos sobre o total da poboación activa Porcentaxe de persoas que estiveron en paro máis dun ano nos últimos cinco anos sobre o total da poboación activa
		Desemprego sen prestación	Desemprego sen prestación	Porcentaxe de persoas desempregadas sen prestación sobre o total da poboación
		Subemprego	Subemprego	Persoas que traballan menos de 15 horas por non atopar un traballo a xornada completa; estar enfermas ou ser discapacitadas, ter responsabilidades familiares ou persoais
			Emprego a tempo parcial	Porcentaxe de persoas que traballan a tempo parcial
	Suspensión do emprego		Porcentaxe de traballadores afectados por expedientes de suspensión ou redución de emprego	
	Emprego de baixo salario		Porcentaxe de traballadores con baixos salarios	
	Descualificación		Falta de experiencia laboral	Porcentaxe de persoas que non traballaron nunca máis de 15 horas semanais sobre o total da poboación activa
		Porcentaxe de persoas que buscan o seu primeiro emprego sobre o total da poboación activa		
	Imposibilitación	Incapacidade	Persoas declaradas incapacitadas para traballar de forma permanente	
		Abandono do traballo por enfermidade ou discapacidade	Poboación que abandonou o último traballo por enfermidade ou discapacidade propia sobre o total da poboación ocupada	

Ámbito	Espazo	Factor	Indicador	Construción do indicador	
	Condições laborais	Precariedade	Falta de dereitos laborais	Relación laboral sen contrato	Poboación ocupada con contrato verbal sobre o total da poboación ocupada
			Sen relación salarial nin contrato	Poboación dedicada ao traballo doméstico no ano anterior á entrevista sobre o total da poboación activa	
			Precarización dos dereitos laborais	Contratos de posta á disposición de ETT a empresas usuarias sobre o total de contratos	
			Inseguridade laboral	Accidentes laborais e enfermidades profesionais sobre o total de traballadores ocupados en sectores de risco	
			Emprego de baixo salario	Traballadores con emprego de baixo salario sobre o total da poboación ocupada	
			Temporalidade	Poboación ocupada con contrato temporal	

**Fonte:** Subirats, Gomà e Brugué (2005).

- a) Adaptación ao avellentamento poboacional das políticas en materia de emprego, xubilacións e pensións.
- b) Resposta ás novas necesidades no campo da saúde.
- c) Procura dunha adecuada asistencia que favoreza o avellentamento activo, e preocupación polo futuro das políticas de benestar no tocante aos maiores ante a crise económica mundial.

Certo é, porén, que cada país ou sociedade limita o traballo nos aspectos en que cre conveniente facelo, na súa calidade e nas súas condicións, así como permite ou non a explotación laboral (número de horas traballadas) ou a precarización das relacións afectivas.

## 7. A transformación do modelo de vida laboral

A transformación do modelo de vida laboral nos últimos anos esgazou a relación de identificación da cidadanía co traballo, que partía da idea de seguridade no posto (Alonso, 1999), con modificacións que fragmentaron e romperon a relación salarial fordista. O emprego é a única fonte de ingresos das persoas, polo que é un método de subsistencia que forman as relacións sociais.



Sen traballo fórmase unha especie de exclusión social en termos de desemprego, aínda que é preciso distinguir dous espazos de exclusión: o mercado laboral, por unha banda; e, pola outra, as condicións de traballo (Subirats, Gomà e Brugué, 2005). Así, a perda do posto de traballo pon en cuestión a cidadanía social, no seu punto de vista máis extenso. De por parte, a oposición a traballar sempre se caracterizou como exclusión laboral, mais é certo que a precariedade das condicións laborais (horarios, condicións pésimas, inexistencia de relacións laborais...) favorece este tipo de exclusión.

En termos xerais distínguense tres situacións: o desemprego nun sentido estático, que é aquel que se mide nun momento concreto; o desemprego de longa duración, por un período superior ao ano; e o desemprego que non cubre as prestacións sociais. España é un dos países máis afectados polos requisitos para a procura de emprego na inscrición nas oficinas de emprego público.

A precariedade é un factor de exclusión que domina o espazo laboral e que se asocia habitualmente á temporalidade, sen lle dar a suficiente atención a outras dimensións como a desigualdade ou a insuficiencia salarial (Subirats, Gomà e Brugué, 2005). Cano (1997) resalta que os cidadáns entendemos por empregos precarios aqueles que limitan a nosa capacidade de controlar o noso presente e futuro, é dicir, de xeito análogo á alienación de que tanto falaba Marx. Así, para analizar o concepto de precariedade cómpre termos en conta os seguintes aspectos: a falta de dereitos derivada dunhas relacións laborais desregularizadas, a subcontratación, a inseguridade laboral, os empregos de salario baixo e, tamén, a temporalidade.

A exclusión do mercado laboral pode, de por parte, non resultar total, na medida en que as persoas poden atoparse desempregadas só unha parte da súa xornada laboral. A XVI Conferencia Internacional de Estatísticos do Traballo definiu unha categoría de subemprego dentro da ocupación por insuficiencia de horas de traballo, mentres que a enquisa de poboación activa do Instituto Nacional de Estatística asume subempregados por falta de horas de traballo, é dicir, traballadores que desexarían traballar máis horas e que están dispoñibles para facelo. Na seguinte táboa apreciamos como na última enquisa completa sobre a forza de traballo comunitaria, publicada por Eurostat en 2013, España estaba á cabeza da Unión Europea en número de subempregados, e como máis da metade dos empregados no noso país tiña un contrato temporal.

**Táboa 2. Porcentaxe de subempregados na Unión Europea en 2013**

Estado ou rexión	Número de subempregados	Porcentaxe sobre os empregados a tempo parcial	Porcentaxe de subempregados sobre o total de empregados
España	1 538 000	57,4	9,2
Irlanda	147 000	32,7	7,8
Chipre	28 000	59	7,4
Reino Unido	1 921 000	24,3	6,5
Grecia	217 000	72	6
Francia	1 541 000	32,6	6
Portugal	263 000	45,9	5,9
Suecia	248 000	20,1	5,3
Zona Euro	6 844 000	22,1	4,9
UE 28	9 933 000	22,7	4,6
Alemaña	1 765 000	16,2	4,4
Austria	166 000	15,1	4
Letonia	32 000	44,4	3,6
Dinamarca	79 000	11,7	3
Italia	641 000	16,1	2,9
Lituania	35 000	30,6	2,7
Romanía	249 000	27,1	2,7
Eslovenia	23 000	25,8	2,5
Polonia	365 000	30,6	2,3
Holanda	180 000	4,2	2,2
Eslovaquia	44 000	39,6	1,9
Estonia	8000	12,4	1,3
Rep. Checa	37 000	11,4	0,7

**Fonte:** *El País* (2014), con base en datos de Eurostat.

A descualificación pode ser outro método de exclusión do mercado laboral. Con este termo faise referencia a fenómenos derivados do sistema produtivo actual, en que os traballadores deben adaptarse aos continuos cambios nas estruturas económicas e tecnolóxicas se non queren que as súas cualificacións perdan validez, en particular nos casos de inactividade temporal ou acceso por primeira vez ao posto de traballo. O uso da internet está estratificado: o 75% dos usuarios da internet son varóns mozos do medio urbano, polo que é preciso a reestruturación do traballo.

## 8. As políticas sociais

Son programas de intervención pública que están ao servizo da cidadanía, sobre todo das persoas máis necesitadas, e en particular das minorías en casos de exclusión social. Tales programas poden ser medidos canto aos seus recursos e resultados, ou os seus ingresos e gastos. Atinxen, entre outras, as seguintes funcións:

- a) A prestación dunha serie de servizos orientados a satisfacer necesidades básicas, como a saúde, a educación, o transporte público e, nalgúns países, a vivenda pública.
- b) A regulación do mercado de traballo, coa xeración de nova lexislación destinada a garantir determinados dereitos laborais: salariais, de salubridade, relativos aos horarios laborais, de sindicación, de participación nas empresas etc.
- c) E a garantía dunhas rendas mínimas para aquelas persoas que non participan activamente no mercado de traballo: subsidios de velez, desemprego, discapacidade, enfermidade etc.

O estado do benestar, que se fundamenta nun gran pacto social para lles garantir aos traballadores unha certa seguridade fronte aos riscos do capitalismo, está relacionado directamente coas políticas sociais. Trata de consolidar unha serie de dereitos sociais básicos que defendan os traballadores ante os riscos e as inseguridades sociais básicas que xera o capitalismo. Todo isto se adecúa a un modelo social, o da sociedade industrial, que permite aos gobernos actuar nun escenario altamente previsible e en teoría simple, cos seguintes trazos:

- a) Unha sociedade diferenciada polas clases sociais, grandes grupos sociais con necesidades estandarizables e homoxéneos.
- b) Un modelo produtivo baseado no crecemento económico sustentable, o pleno emprego (masculino) e a seguridade laboral.
- c) Unha sociedade que non se pregunta pola protección dos recursos naturais nin é sensible cara a este tema, produtivista, explotadora dos recursos ambientais como se fosen bens infinitos.
- d) Un modelo familiar patriarcal en que os homes se especializan nas tarefas produtivas, aquelas que teñen un valor para o mercado; e as mulleres nas tarefas reprodutivas, isto é, o coidado das crianzas e os anciáns. Un modelo familiar estable e sólido, con raíces tradicionais.

- e) Unha sociedade en que a adolescencia e a vellez non son etapas plenas da vida, senón etapas de transición respecto do mundo adulto.
- f) Unha sociedade moi conservadora nos seus valores e que prioriza a adquisición de bens materiais (rendas, vivendas, saúde, emprego, formación profesional etc.) por enriba de todo.
- g) Unha sociedade culturalmente homoxénea.
- h) E, por último, unha sociedade organizada politicamente no mercado dun estado que non só preserva o seu monopolio regulativo, senón tamén a súa capacidade de centrar as identidades políticas e culturais da cidadanía.

En España, o período que comprende o final da década dos setenta e comezo da década dos oitenta representou a ruptura do réxime franquista, caracterizado polas súas políticas estatais e ordenación da orde social e o mercado laboral. Os dereitos sociais tiñan a finalidade de control social como método para expandir os dereitos dos cidadáns ou o principio de igualdade. Os traballadores eran os únicos que gozaban do privilexio de garantir algunha protección social, o que excluía as mulleres e as facía dependentes dos seus maridos, dado que a gran maioría dos traballadores eran homes.

No tocante ás consecuencias das políticas sociais sobre a situación feminina, hoxe en día non só se mantén a división por sexo no traballo, senón ademais a situación de que só quen ten un traballo asalariado, asignado socialmente aos homes, conta con valor e recoñecemento social; mentres que quen desempeña labores non contributivos, as mulleres principalmente, carece deles (Carrasco, 1997).

Na seguinte táboa apreciamos as taxas de emprego (mostrando os puntos mais altos, baixos e o punto medio) da poboación de 15 a 64 anos de idade por nivel de capacitación no ano 2007.

**Táboa 3. Taxas de emprego da poboación europea de 15 a 64 anos por nivel de capacitación en 2007**

<b>Estado ou rexión</b>	<b>Total</b>	<b>Alto</b>	<b>Medio</b>	<b>Baixo</b>
<b>EU27</b>	65,4%	83,8%	70,2%	48,6%
<b>EU25</b>	65,8%	83,8%	70,6%	49,2%
<b>EU15</b>	66,9%	83,8%	72,3%	51,9%
<b>Bélxica</b>	62%	83,7%	65,9%	40,5%
<b>Bulgaria</b>	61,7%	84,6%	70,6%	30,6%
<b>Rep. Checa</b>	66,1%	84%	72,6%	24,2%
<b>Dinamarca</b>	77,1%	87,6%	81,8%	64,2%
<b>Alemaña</b>	69,4%	86%	73,6%	44,9%
<b>Estonia</b>	69,4%	86,8%	74,4%	33,1%
<b>Irlanda</b>	69,1%	85,9%	74,1%	49,3%
<b>Grecia</b>	61,4%	81,9%	60,8%	52,3%
<b>España</b>	65,6%	82,5%	68,2%	57,5%
<b>Francia</b>	64,6%	79,6%	69,5%	47,7%
<b>Italia</b>	58,7%	77,7%	67,9%	46,5%
<b>Chipre</b>	71%	86,5%	73,6%	52,8%
<b>Letonia</b>	68,3%	86,9%	74,3%	38,6%
<b>Lituania</b>	64,9%	88,1%	68,6%	25,9%
<b>Luxemburgo</b>	64,2%	83,4%	67,3%	49,8%
<b>Hungría</b>	57,3%	80%	64,8%	27,3%
<b>Malta</b>	55,7%	86%	72%	46,9%
<b>Holanda</b>	76%	87,5%	79,9%	61%
<b>Austria</b>	71,4%	86,5%	75,9%	51,9%
<b>Polonia</b>	57%	82,8%	61%	24,9%
<b>Portugal</b>	67,8%	84,2%	64,8%	65,7%
<b>Romanía</b>	58,8%	85,8%	63,9%	40,3%
<b>Eslovenia</b>	67,8%	87,5%	70,8%	43,1%
<b>Eslovaquia</b>	60,7%	83,1%	69%	14,7%
<b>Finlandia</b>	70,3%	85,1%	73,9%	46,4%
<b>Suecia</b>	74,2%	87,6%	80,6%	53,4%
<b>Reino Unido</b>	71,3%	87,1%	76,7%	60%

Fonte: enquisa de poboación activa da Unión Europea. Dispoñible no enderezo web <<http://ec.europa.eu/eurostat>>.

## 9. Conclusións

- a) O consumo non sempre está relacionado coas necesidades máis básicas, pois por medio do consumo ponse de relevo a personalidade de cada individuo.
- b) No consumo aprécianse diferentes fases: comeza pola necesidade, logo a busca racional, a compra e por último a satisfacción da necesidade de partida.
- c) Cos cambios socioeconómicos ao longo do tempo tivo lugar unha redución da concentración de traballadores e tamén un debilitamento do traballo actual español.
- d) Debido aos cambios socioculturais, a sociedade ten un problema de compatibilización no ámbito produtivo-laboral polos roles asociados a cada sexo.
- e) Canto á súa vida laboral, a cidadanía está baseada no mundo laboral, non dispoñer de traballo supón a exclusión da sociedade. España é dos países da Unión Europea con máis subempregados.
- f) As políticas sociais intentan garantir as necesidades máis básicas da cidadanía, en particular nos ámbitos social e económico.

## Referencias bibliográficas

- ALONSO, L. E. (2005) *La era del consumo*. Madrid, Siglo XXI.
- ALONSO, L. E. (1999) *Trabajo y ciudadanía: estudios sobre la crisis de la sociedad salarial*. Madrid, Trotta.
- BAUDRILLARD, J. (2009) *La sociedad de consumo: sus mitos, sus estructuras*. Madrid, Siglo XXI.
- BRACHO, C. A. (2013) [en liña] «Políticas públicas para mayores» *Gestión y Análisis de Políticas Públicas* 9. Dispoñible no enderezo web <<https://goo.gl/sn7aKh>>.
- CALLEJO, J. (1995) «Elementos para una teoría sociológica del consumo» *Papers: Revista de Sociología* 47, pp. 75-96.
- CARRASCO, C. (1997) «Mujeres, trabajos y políticas sociales en España» *DUODA: Estudios de la Diferencia Sexual* 13, pp. 85-106.
- EL PAÍS (2014) «España, el país de la UE con más contratos a tiempo parcial forzosos» *El País* 10/04/2014. Dispoñible no enderezo web <<https://goo.gl/IHD4r4>>.
- FERNÁNDEZ, L. (2004) «Ciudadanos precarios. La última red de protección social, Luis Moreno» *Revista del Ministerio de Trabajo e Inmigración* 50, pp. 196-198.

- GARCÍA, P. (2009) «El concepto de “reflexividad” en la sociología del consumo: algunas propuestas» *RES: Revista Española de Sociología* 12, pp. 87-102.
- GIDDENS, A. (1991) *Modernity and Self-Identity: Self and Society in the Late Modern Age*. Stanford, Stanford University Press.
- ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL DO TRABALLO (OIT) (1998) [en liña] *Decimosexta Conferencia Internacional de Estadísticos del Trabajo. Informe de la Conferencia*. Disponible no enderezo web <<https://goo.gl/33CWNy>>.
- SUBIRATS, J.; GOMÀ, R. e BRUGUÉ, J. (2005) *Análisis de los factores de exclusión social*. Madrid, Fundación BBVA/Institut d'Estudis Autònoms.
- SWEENEY, J. C.; SOUTAR, G. N. e MAZZAROL, T. (2008) «Factors influencing word of mouth effectiveness: Receiver perspectives» *European Journal of Marketing* 42(3/4), pp. 344-364.
- YATES, L. S. (2011) «Critical consumption: Boycotting and buycotting in Europe» *Societies* 13(2), pp. 191-217.

